



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA POSTO FUNCIONARIO INTERINO DE "TRABALLADOR/A SOCIAL"

D/a _____, con DNI nº _____,
domicilio en _____, C.P. _____
municipio de _____ e teléfono nº _____

EXPÓN :

1. Que está enterado/a da convocatoria de contratación de funcionario/a interino/a do posto de "traballador/a social", que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia do 5-7-2018.
2. Que coñece con detalle as bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 27-6-2018, no procedemento selectivo por concurso de méritos.

Estando interesado/a na provisión de tal praza de funcionario interino con xornada completa

SOLICITA :

a súa **admisión** ao proceso selectivo por reunir todas e cada unha das condicións esixidas na base 1ª da convocatoria, para o que aporta a seguinte documentación:

- fotocopia do DNI.
- fotocopia do título académico que faculta o exercicio das funcións.
- fotocopia dos títulos académicos adicionais para valorar.
- xustificante de pago dos dereitos de exame (28 euros).
- fotocopia dos xustificantes en formación complementaria.
- fotocopia do informe de vida laboral e dos xustificantes da experiencia previa para o posto.
- fotocopia de xustificante en formación en lingua galega.
- fotocopia do permiso de conducir en vigor.

DECLARO: que as copias aportadas son reprodución exacta dos orixinais que podo aportar para o seu cotexo e verificación.

AUTORIZO: ao Concello de Irixoa para a incorporación e tratamento dos meus datos persoais aportados aos ficheiros automatizados de selección, contratación e xestión laboral xestionados por dita entidade.

OBSERVACIÓNS:

_____, __ de xullo de 2018
O/A SOLICITANTE

Sr. alcalde
CONCELLO DE IRIXOA



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-6-2018

6.6. BASES SELECCIÓN FUNCIONARIO INTERINO TRABALLADOR/A SOCIAL. Visto o informe proposta emitido por secretaría-intervención tesourería, oídos os servizos sociais municipais, que se transcribe.

ANTECEDENTES DE FEITO

Con data do 20-1-2017 procedeuse á contratación laboral interina da traballadora social, por baixa por enfermidade do traballador social titular, cunha previsión de curta duración e con xornada parcial. A previsible reincorporación do traballador social titular non se produciu, aínda que se sospeitaba de próxima confirmación; polo tanto, a contratación inicial prevista para un período temporal reducido, foise prolongando ata esta data, realizándose pola Xunta de Galicia unha inspección na que se constatou a necesidade de regularizar a xornada da traballadora social a tempo completo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. A normativa principalmente aplicable á contratación está constituída por:

- artigo 10 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante EBEP);

- artigo 23 da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia;

- disposición adicional primeira do Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios na Administración Local e

- Orde 1461/2002, do 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (B.O.E. do 15 de xuño de 2002).

2. A citada normativa establece que son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea, entre outras circunstancias a substitución transitoria dos titulares, como é o caso que nos ocupa.

3. No artigo 10 do EBEP establécese no seu apartado 2º que a selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

4. En relación á prohibición da contratación de persoal temporal e o nomeamento de funcionarios interinos, queda xustificada a excepción a tal prohibición para cubrir necesidades urxentes e inaprazables en sectores e funcións prioritarias ou afecten ao funcionamento de servizos públicos esenciais.

5. Para esta convocatoria se redactan as Bases reguladoras da mesma que permitan, a selección e contratación dun traballador/a social, así como a creación dunha bolsa temporal de candidatos que permita a este Concello dar unha resposta áxil e urxente ante a necesidade de novos nomeamentos.

6. O órgano competente para a aprobación da convocatoria e as súas Bases é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 4 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Aprobar a convocatoria para a selección dun traballador/a social interino/a para a substitución do traballador social titular mentres permaneza de baixa médica ou vacante o posto de traballo; igualmente formarase unha bolsa de candidatos para nomeamentos futuros de traballadores sociais interinos, así como as súas bases reguladoras que figuran no Anexo.

2. Procederáse á oportuna convocatoria da contratación, polo cal publicarase anuncio de convocatoria co texto resumido das bases no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN DUN TRABALLADOR/A SOCIAL INTERINO/A E ELABORACIÓN DE BOLSA DE RESERVA PARA NOMEAMENTOS FUTUROS DE TRABALLADORES SOCIAIS.

1ª. Obxecto da Convocatoria. É obxecto desta convocatoria a selección polo procedemento de concurso de méritos dun traballador/a social interino/a:

- XORNADA: completa.
- DURACION: interinidade dependente da baixa e incorporación do traballador social titular ou da situación de vacante do seu posto.
- TAREFAS: as propias da titulación nos servizos sociais de atención primaria do concello.
- RETRIBUCIÓNS: 1.888,42 euros brutos ao mes, no que se inclúen todos os conceptos retributivos agás produtividade (salario 978,26; complemento destino 594,64; complemento específico 315,52); ademais cada ano haberá 2 pagas extraordinarias no importe e polos conceptos correspondentes.

O posto está encadrado na Escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnicos Medios, pertencente ao Subgrupo A2, para substitución do traballador social titular, de conformidade coa normativa aplicable:

- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015.
- Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia.
- disposición adicional primeira do Real Decreto 896/1991, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos do procedemento de selección dos funcionarios na Administración Local e
- Orde 1461/2002, do 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (B.O.E. do 15 de xuño de 2002).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto de 20 de marzo de 1991)
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.
- Orde de 6 de xuño de 2002, do Ministerio de Administracións Públicas, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.

2ª. Sistema de selección. Establécese como sistema de selección o concurso de méritos, en consideración as funcións e tarefas técnicas asignadas ao posto.

3ª. Requisitos dos aspirantes. Para ser admitido ás probas será necesario:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea nos termos previstos no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título académico de traballador social ou equivalente.
- d) Permiso de conducir: deberá dispoñer do permiso B (ou superior) en vigor.

- e) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desempeño das correspondentes funcións.
 - f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por resolución xudicial.
- Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data de nomeamento.

4ª. Solicitudes. As persoas que desexen participar no proceso de selección presentarán solicitude dirixida ao señor alcalde deste Concello na que farán constar que reúnen todos os requisitos sinalados na base 3ª. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello no prazo de 10 días naturais, contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP da provincia da Coruña. Tamén se publicará o anuncio da convocatoria xunto coas bases desta no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: www.irixoa.es. As instancias poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común. Xunto coa instancia achegarán:

- Fotocopias do DNI e do permiso de conducir.
- Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de inscrición (28 €).
- Fotocopia do título académico de traballo social, ou xustificante equivalente.
- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración.

Rematado o prazo de presentación de instancias ditarase pola Alcaldía resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada no taboleiro de edictos deste Concello e na páxina web municipal www.irixoa.es, concedéndose o prazo de dous días hábiles para reclamacións. Ditas reclamacións, se as houbera, resolveranse pola Alcaldía, a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente publicarse no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

5ª Dereitos de inscrición. 28 euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 3 (BOP 30-7-2013), cunha redución do 50% para os aspirantes que figuren como demandantes de emprego e cumpran os requisitos da ordenanza. O ingreso realizarase na Tesourería municipal directamente ou ben a través de xiro postal ou telegráfico dirixido a mesma. Tan só se terá dereito á devolución do ingresado no caso de resultar excluídos do proceso por causas non imputables directamente ao aspirante.

6ª. Desenvolvemento do concurso de méritos. Os aspirantes achegarán, conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo, unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, xa que non se tomaran en conta nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes. Os méritos que se valorarán nesta fase de concurso e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

A) Experiencia laboral:

- a) Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de traballador social ou para os que se esixa expresamente dita titulación en concellos galegos de menos de 5.000 habitantes: 0,30 puntos por mes de servizos completo, ata un máximo de 5 puntos.
- b) Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de traballador social ou para os que se esixa expresamente dita titulación no resto das entidades locais: 0,20 puntos por mes de servizos completo, ata un máximo de 4 puntos.
- c) Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de traballador social ou para os que se esixa expresamente dita titulación noutras administracións públicas: 0,15 puntos por mes de servizos completo, ata un máximo de 3 puntos.
- c) Por cada mes completo de servizos prestados en postos de traballo de traballador social na empresa privada: 0,10 puntos por mes de servizos completo, ata un máximo de 2 puntos.

Para efectos da valoración da experiencia profesional, unicamente se valorarán os meses completos, en calquera das distintas actividades. Estes méritos acreditaranse mediante contratos de traballo ou certificados de empresa, acompañados do informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social; no caso de administracións públicas servirán as correspondentes certificacións das mesmas nas que se prestaron os servizos, xunto co informe de vida laboral.

B) Formación

Pola realización de cursos de formación ou perfeccionamento, seminarios ou xornadas en materia de Servizos Sociais impartidos ou financiados polas Administracións públicas ou por organismos dependentes delas, por Universidades ou por Colexios Profesionais, por cada un deles:

De duración entre 6 a 19 horas.....0,05 puntos

De duración entre 20 a 50 horas.....0,10 puntos

De duración entre 51 a 80 horas.....0,20 puntos

De duración entre 81 a 100 horas.....0,40 puntos

De duración de 101 horas en adiante.....0,50 puntos

A puntuación máxima por formación será de 3 puntos. Os Diplomas, certificados ou documentos que acrediten a realización de cursos deberán expresar a duración en horas e expresar con suficiente claridade o seu contido básico. Se non se indican as horas de duración a puntuación que se outorgará será a mínima de 0,05 puntos por curso, cando o tribunal valore que podería ter unha duración superior a 6 horas.

C) Méritos académicos.

- Diplomatura adicional: 1'50 puntos.

- Estudos superiores: 2'00 puntos.

A estes efectos a titulación académica superior presupón a inferior polo que só se puntuará por unha delas.

- Outras titulacións, estudos posgrao ou certificados oficiais específicos relacionados directamente coas funcións para desempeñar na praza convocada, excluída a esixida pola convocatoria para a súa participación, a criterio do Tribunal, igual puntuación por cada un deles segundo o seu equivalencia cos anteriores.

A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado será de 3 puntos

D) Coñecemento de galego

- Certificado de aptitude de lingua galega oral ou Celga 1: 0,10 puntos.

- Celga 2: 0,20 puntos.

- Curso de iniciación ou Celga 3: 0,30 puntos.

- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.

- Curso linguaxe administrativa galega, nivel medio: 0,75 puntos.

- Curso linguaxe administrativa galega, nivel superior: 1,00 punto.

A puntuación máxima por coñecemento do galego será de 1 punto. Soamente se valorará o de maior puntuación.

O criterio de desempate será favorable ao que obteña sucesivamente maior puntuación nos apartados A, B, C e D; unicamente para estes efectos terase en conta a valoración acreditada en cada un dos apartados, pero non tida en conta por exceder do máximo establecido. No caso de manterse o empate o tribunal realizará un sorteo para determinar a orde de puntuación.

Unha vez realizada a valoración de méritos, a acta co seu resultado expoñerase no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web: "www.irixoa.es".

7ª. Tribunal cualificador. Terá a seguinte composición: PRESIDENTE, SECRETARIO e VOGAL; será nomeado pola resolución da Alcaldía que aprobe a lista de admitidos e excluídos. Os membros terán unha titulación igual ou superior á requirida para o posto, tendo a condición de funcionario ou persoal laboral. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do secretario ou dos que legalmente os substitúan. Os membros do tribunal están suxeitos ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos por indemnización por asistencia, do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

8ª. Relación de aprobados. Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará a valoración dos méritos e a proposta de designación do seleccionado. Este acto poderá ser reclamado polos interesados durante o prazo de 2 días hábiles, contado dende o seguinte á publicación do mesmo no taboleiro de anuncios e na páxina web oficial do concello. Dado que en ningún caso o número de aspirantes aprobados pode exceder ao número de prazas convocadas (1), a relación definitiva de aprobados só contará co aspirante que obteña a maior puntuación.

9ª. Lista de reserva. A lista coa totalidade dos presentados que superasen o 50% da puntuación obtida polo proposto para contratación, quedará para poder ser utilizada como reserva para nomeamentos futuros de traballadores sociais que se precisen. Esta lista confeccionada por orde de puntuación de maior a menor poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, cunha duración máxima de cinco anos de vixencia, contados a partir da publicación da resolución co aspirante aprobado neste proceso selectivo. Cando un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para un novo nomeamento. O aspirante chamado para o servizo deberá presentar os documentos que se relacionan na base seguinte no prazo de tres días contado a partir do chamamento.

10ª. Presentación documentos. No prazo de tres días, contados desde o día seguinte á publicación da designación do/a aspirante aprobado/a no taboleiro de edictos municipal, este deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os documentos que seguidamente se relacionan:

- a) Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- b) Declaración xurada de non acharse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- c) Documentación necesaria para a alta na Seguridade Social.

Os que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo. Neste caso, igual que para o desestamento, será nomeado funcionario interino o seguinte candidato por estrita orde de puntuación, que superase o proceso de selección.

11ª. Nomeamento e toma de posesión. O aspirante proposto que presente a documentación preceptiva será nomeado funcionario interino por resolución da Alcaldía, e deberá tomar posesión no prazo de dous días hábiles, contado dende o día seguinte ao que se lle notifique o citado nomeamento; o nomeamento e a toma de posesión será publicada no BOP da Coruña. O nomeamento está sometido a un período de proba de 1 mes. O aspirante quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera dentro do prazo sinalado.

12ª. Incidencias. O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

13ª. Impugnación Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ou directamente ante a Xurisdición Contencioso Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 113 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo para interpoñer o recurso de reposición é de 1 mes a contar dende o día seguinte á da publicación da convocatoria e deberá presentalo ante o mesmo órgano que a ditou, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada. O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de 2 meses a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña; todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

NOTA: O pago dos dereitos de exame farase mediante ingreso na conta municipal de ABANCA **ES02 2080 0092 1631 1000 0018** facendo constar o nome da persoa aspirante e o posto de traballo ao que opta.